

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25 de xaneiro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 15 e 28 de decembro de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de decembro de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Adhesión, se procede, ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”
5. Aprobación, se procede, da Delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local e as prazas de vixilantes municipais.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras no campo de fútbol municipal de San Martín, Vilaxoán.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría para solicitude de cesión de terreo á Consellería de Educación para o posterior retranqueo do muro do IES Castro Aobre e a ampliación da beirarrúa adxacente.
9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno: Interpelación de EU sobre o estado de cumprimento das obrigas do prego de condicións da concesión do servizo público de bicicletas “VAIBIKE”.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Rogos e preguntas.
12. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 15 E 28 DE DECEMBRO DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de

rectificación das actas correspondentes ás sesións plenarias de datas 15 e 28 de decembro de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2017: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

1 Recoñecemento de obriga e orde de pagamento

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO 2017:

Nº	DESCRICIÓN
5	Concesión de licenza de segregación e/ou agrupación.
1	Aceptar solicitude de transmisión de licenza de acometida de auga
6	Concesión de licenza de canalización soterrada
6	Concesión de legalización de obras
10	Concesión de licenza de obra maior
1	Concesión de prórroga para inicio e remate de obras de construción de vivenda
1	Concesión de licenza para construción de galpón
1	Aceptación de cesión de canalizacións soterradas
15	Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
24	Aceptación de comunicación previa e documentación para realización de obras
1	Aprobación definitiva proxecto de urbanización en desenvolvemento UEI 21
1	Aceptación de desestamento comunicación de apertura de establecemento
8	Aceptación de comunicación previa e documentación para desenvolvemento de actividade
1	Aceptación de comunicación previa e documentación para ampliación de actividade
21	Aceptación de comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta
1	Concesión de licenza municipal de apertura de establecemento
1	Denegación de autorización para poñer música en terraza de establecemento
1	Requirimento concesión prazo para limpeza e saneamento solar.
1	Arquivo de expediente de concesión prazo para limpeza solar e orde para garantir medidas de seguridade
1	Orde concesión prazo para que solicite licenza de legalización de obras
1	Requirimento presentación informe-ditame de seguridade elemento exteriores de inmovible
1	Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial
7	Iniciación de procedemento sancionador por colocación lixo fora dos colectores
18	Resolución devolución ingresos indebidos e compensación débitos e/ou créditos
7	Orde de pago facturas
10	Iniciación de oficio de procedementos sancionadores de tráfico
1	Aprobación liquidacións cargos
1	Orde cambio de titularidade no catastro inmobiliario de fincas (declaración de alteración de carácter xurídico)
3	Aprobación expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
1	Aprobación expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de transferencias de créditos

- 1 Aprobación definitiva expediente de crédito extraordinario
- 1 Aprobación definitiva autorización do emprego do Fondo de Continxencia
- 1 Aprobación expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de transferencias de créditos de persoal
- 1 Recoñecemento de obriga e pagamento certificación de obra
- 1 Prorroga créditos iniciais do orzamento de gastos do Concello, do exercicio 2017 ao 2018
- 1 Aprobación Conta Xustificativa investimento “Mellora instalacións do mercado de abastos – 2ª Fase.
- 1 Aprobación gasto correspondente as aportacións ao Plan de Pensións
- 1 Orde dedución proporcional haberes por ausencia non xustificada de empregados/as alumnos/as do Obradoiro de Emprego
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificacións por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde das funcións da Alcaldía
- 2 Concesión de gratificación especial por prestación de servizos en posto de superior categoría
- 5 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Designación Directora en Funcións de Biblioteca Municipal
- 2 Designación Tesoureira Accidental
- 4 Designación Secretaria Xeral en Funcións
- 5 Aprobación de expediente de contratación procedemento negociado sen publicidade
- 1 Aprobación Plan de seguridade e saúde obras

TOTAL: 189

O Concello Pleno queda sabedora.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, de data 10 de outubro de 2017, para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, que ten por finalidade o establecemento de determinados incentivos que favorezan e fomenten a implantación e fixación de empresas no Territorio Galego.

Dáse conta así mesmo da Addenda ao citado Protocolo, de data 13 de decembro de 2017, así como dos informes emitidos pola Tesourería Municipal, de datas 17 de novembro de 2017 e 22 de xaneiro de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente :

1) A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, modificado pola addenda de data 13 de decembro de 2017.

2) Que polo Pleno do Concello se adopten os acordos para a modificación das Ordenanzas Fiscais que legalmente proceda.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo municipal do BNG, do seguinte teor:

“Incorporar como demandas a este protocolo: ADDENDA.

- Demandar compromiso de maior responsabilidade da Xunta de Galiza na atracción de empresas e investimentos, conplanificación, obxectivos, consenso social e respecto ao medio ambiente, e tamén compromisos orzamentarios no tecido industrial e empresarial galego. Que reconsidere, e busque consenso político social á súa Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galiza polos custos sociais e ambientais que pode producir.
- Compromiso de máis recursos e medidas para que os concellos poidan facer un desenvolvemento local real.
- Concretar o apoio económico da Xunta de Galiza aos Concellos que se comprometan nas obrigas fiscais establecidas no protocolo. Compromiso de que o valor engadido ou ganancias destas empresas vai repercutir en melloras nas propias localidades.
- Garantir a non discriminación con aqueles concellos que non asinen.

- Pola Secretaria Xeral indícase que o protocolo non pode modificarse, dado que o texto é igual para todos os Concellos de Galicia.

- Non se acepta a emenda do grupo municipal do BNG.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (7), catro abstencións dos membros pertencentes aos grupos

políticos municipais de EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE: Por maioría:

- 1) A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, modificado pola addenda de data 13 de decembro de 2017.
- 2) Que polo Pleno do Concello se adopten os acordos para a modificación das Ordenanzas Fiscais que legalmente proceda.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO

En Vilagarcía de Arousa a 25 de setembro de 2017.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

Dita previsión normativa ven de ser desenvolvida polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

Por todo elo e en virtude das competencias que teño atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, veño a PROPOÑER a adopción do seguinte ACORDO ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa:

O Concello de Vilagarcía de Arousa acorda delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asine para instrumentalizar a delegación competencial.

Nembargantes o Pleno adoptará o acordo que estime.

En Vilagarcía de Arousa a 10 de xaneiro de 2018.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local e as prazas de vixilantes municipais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e dúas abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE: Por maioría, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asine para instrumentalizar a delegación competencial.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAN MARTÍN, VILAXOÁN.

Retirada da Orde do día do Pleno, a proposta do grupo municipal do PP.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 17 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sistema Público de Pensións constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).

As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensións. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensións, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta

o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensións privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.

Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.

O PP está laminando o Sistema Público de Pensións sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.

Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.

No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos. Para iso, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.

Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.
2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:

- a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.
5. Incrementar os ingresos do sistema:
- a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións
 - b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
7. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
- a. Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b. Recuperar a iniciativa lexislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.
8. Introducir no Pacto de Toledo, **un novo principio de “reequilibrio orzamentario”**, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

Vilagarcía de Arosua, 17 de Xaneiro 2018

Tania García Sanmartín

Voceira Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE para establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades.

Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo municipal de EU:

- Engadir un parágrafo ao final do punto 2, que quedaría como segue:

2.- Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC. **Garantir legalmente que as pensións non poderán estar por debaixo do SMI anual no caso das pensións persoais ou sen cónxuxe a cargo, e do 110% do SMI anual para os casos de pensións con cónxuxe a cargo.**

Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo municipal do BNG:

Substituír o punto1 polo seguinte texto:

Instar ao Goberno do Estado, e demandar da Xunta de Galiza a súa intervención, para:

1.- Derrogar os negativos cambios introducidos no sistema das pensións dende o ano 2011, restablecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e calcular a contía das pensións sobre os 15 mellores anos cotizados, a escolla dos traballadores e traballadoras.

Ademais, tamén cremos necesario impulsar e incorporar as seguintes medidas:

- Eliminar as contra-reformas laborais e crear emprego de calidade, xa que o emprego de calidade é a base na que se sustentan os ingresos do sistema da Seguridade Social.
- Incrementar de xeito considerable as pensións non contributivas, media que, en tanto non asuma o goberno estatal, deberá ser asumida pola Xunta de Galiza.
- Reclamar a xestión da Seguridade Social en Galiza.

- O Sr. Alcalde indica que aceptan a emenda de EU con modificacións e rexeitan a emenda presentada polo BNG.

Sometido a votación a moción coa emenda de EU da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e dúas abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e **instar ao Goberno de España a:**

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.
2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC. Acadar o obxectivo de garantir legalmente que as pensións non poderán estar por debaixo do SMI anual no caso das pensións persoais ou sen cónxuxe a cargo, e do 110% do SMI anual para os casos de pensións con cónxuxe a cargo.
3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:
 - a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.
5. Incrementar os ingresos do sistema:
 - a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuir ao rescate do sistema público de pensións
 - b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
7. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
 - a. Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b. Recuperar a iniciativa lexislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.
8. Introducir no Pacto de Toledo, **un novo principio de “reequilibrio orzamentario”**, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA PARA SOLICITUDE DE CESIÓN DE TERREO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA O POSTERIOR RETRANQUEO DO MURO DO IES CASTRO ALOBRE E A AMPLIACIÓN DA BEIRARRÚA ADXACENTE.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 17 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A SOLICITUDE DE CESIÓN DE TERREO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA O POSTERIOR RETRANQUEO DO MURO DO IES CASTRO ALOBRE E A AMPLIACIÓN DA BEIRARRÚA ADXACENTE

Nos últimos anos vimos experimentando un cambio na concepción urbanística das vilas, buscando crear cada vez cidades máis humanas, priorizando a circulación peonil sobre a circulación con vehículos a motor, facendo fincapé na necesidade de mellorar a accesibilidade, conscientes de que as características singulares de cada lugar requirirán que, a miúdo, teñamos que botar man da creatividade.

Obviamente, Vilagarcía de Arousa non podería quedar á marxe do que non é tanto unha tendencia urbanística, senón un proxecto global que debería ter como obxectivo construír concellos vivibles, máis amables, cuxo eixe sexan, definitivamente, as persoas.

Sen embargo advertimos que, paralelamente ás actuacións encamiñadas a humanizar Vilagarcía de Arousa -actuacións que redundan, na súa maioría, nunha zona concreta da nosa vila- existen zonas que apenas sufriron modificacións durante anos e que, por contraste, resultan máis hostís -cando non perigosas- para o movemento das persoas.

Este é o caso da beirarrúa que transcorre ao carón do Instituto Castro Alobre, demasiado estreita e en evidente estado de deterioro. Esta problemática estase convertendo nun perigo importante pois estamos a falar dunha zona moi transitada, por mor da xente que circula en dirección tanto ao Instituto coma ao Ambulatorio, e do abundante tráfico de vehículos nesa vía, por ser un dos accesos principais ao centro da vila.

Na actualidade, esta beirarrúa non é apta para a circulación de dúas persoas en sentidos opostos, polo que unha delas ten que baixar á vía para vehículos, co perigo que isto supón, sobre todo na zona delimitada como parada para os autobuses que chegan ao Castro Alobre, onde se acumulan decenas de persoas durante as horas de entrada e de saída do centro. Tampouco cumpre as necesarias condicións de accesibilidade, co que dificulta a circulación de carriños e de cadeiras de rodas, feito grave se pensamos que moitas persoas con mobilidade reducida acceden ao Ambulatorio por esta beirarrúa.

Por todo o exposto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción dos seguintes

ACORDOS

1· Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia á cesión dunha parte do terreo próximo ao muro do Instituto Castro Alobre e o posterior retranqueo do mesmo por parte de dita Consellería, asumindo a parte do orzamento correspondente.

2· Instar ao Ministerio de Fomento a que realice as actuacións necesarias para ampliar e mellorar a accesibilidade da beirarrúa sufragando o custo correspondente para tal obra.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de xaneiro de 2018.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría para solicitude de cesión de terreo á Consellería de Educación para o posterior retranqueo do muro do IES Castro Aobre e a ampliación da beirarrúa adxacente.

Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo municipal do PP:

Substituir o 1º apartado, polo seguinte texto: "Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia á cesión dunha parte do terreo próximo ao muro do Instituto Castro Aobre, por medio dun deslinde, para transferilo a terreo municipal e o posterior retranqueo do mesmo por parte do Concello.

Polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, propónse o seguinte texto definitivo de adopción de acordo:

1º Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia á cesión dunha parte do terreo próximo ao muro do Instituto Castro Aobre, por medio dun deslinde, para transferilo a terreo municipal e facilitar deste xeito o seu posterior retranqueo.

2º Instar ao Ministerio de Fomento a que realice as actuacións necesarias para ampliar e mellorar a accesibilidade da beirarrúa sufragando o custo correspondente para tal obra, incluído o retranqueo do muro.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por todos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Por unanimidade:

1º Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia á cesión dunha parte do terreo próximo ao muro do Instituto Castro Aobre, por medio dun deslinde, para transferilo a terreo municipal e facilitar deste xeito o seu posterior retranqueo.

2º Instar ao Ministerio de Fomento a que realice as actuacións necesarias para ampliar e mellorar a accesibilidade da beirarrúa sufragando o custo correspondente para tal obra, incluído o retranqueo do muro.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

**9. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO:
INTERPELACIÓN DE EU SOBRE O ESTADO DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO PREGO
DE CONDICIÓNS DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE BICICLETAS "VAIBIKE",**

Dáse conta da Interpelación presentada polo grupo político municipal de EU o día 19 de xaneiro de 2018:

INTERPELACIÓNS SOBRE O ESTADO DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE BICICLETAS “VAIBIKE”

D. Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, actuando en nome e representación do mesmo, e conforme a normativa vixente e do Regulamento do Pleno deste Concello, presenta para a súa inclusión no Pleno da Corporación a seguintes INTERPELACIÓNS, en base ós seguintes,

MOTIVOS

Recentemente fíxose público nun medio de comunicación o contido da Acta de Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2018. Neste Acta, e con referencia PRP2017/5700, o goberno Local acorda realizar requirimento á empresa “LABICI BICICLETAS PÚBLICAS, S.L.” para que proceda a aboar a cantidade de 18.020,00 euros que corresponden a ingresos non satisfeitos dende agosto do 2016.

Ao día seguinte, nese medio de comunicación, evidénciase unha serie de contradicións a este feito recollidas na acta de Xunta de Goberno Local. Así, mentres que dende o Goberno Local se asegura que a cantidade requirida polo goberno é estimativa, feito este que de por si ofrece pouco rigor, pois facer requirimentos en base á estimación é impropio ademais de non axustarse á legalidade. Pero as afirmacións por parte dun representante da empresa limitan esta débeda aos últimos 6 meses e por un importe total de 1.033 €.

Por si fose pouca a contradición xa revelada, volve aparecer nese mesmo artigo, que con posterioridade o goberno Local afirmou que a débeda estaba saldada e soamente quedaba por recibir a contía correspondente ao mes de decembro de 2017.

É absolutamente desconcertante a falta de rigor na toma da decisión de requirir as contías en base a estimación, mediando a ameaza de non aboar os compromisos adquiridos polo Concello no prego de Condicións, ao tempo que se comunican circunstancias moi diferentes dende o mesmo Goberno Local, non sabemos se pola mesma persoa ou diferentes en cada caso.

Tendo en conta que estamos ante uns feitos pouco clarificadores e faltos de toda transparencia, compre determinar se o prego de condicións deste servizo se está a cumprir, que de comprobarse que non se está cumprindo dende o seu inicio como se afirma no recollido na Acta de Xunta de Goberno, debe provocar unhas consecuencias.

Pero por outra banda o feito de reclamar débedas que logo son estimativas, que logo son de menos contía e finalmente non existen, cando a empresa concesionaria si recoñece unha débeda de 1.033 euros, amosaría uns modos ou un descontrol sobre a vixilancia do cumprimento deste prego e deste servizo completamente inadmisibles.

Cómpre polo tanto aclarar cal e a situación real de cumprimento do prego deste servizo, e cal e a situación da débeda, se é que existe e, no caso de existir, a que se debe ese absoluto “ baile de cifras”, talvez a causa é que a prestación deste servizo non está a cumprir cas expectativas xeradas.

Por todo iso, este Grupo Municipal de Esquerda Unida formula as seguintes INTERPELACIÓNS,

1. ¿Existe débeda coa empresa “LABICI BICICLETAS PÚBLICAS, S.L.”?, e en caso afirmativo ¿cal é o concepto e contía da mesma?.
2. En caso de existir o incumprimento manifestado e recollido na Acta de Xunta de Goberno Actual, ¿como se pensa actuar?. ¿Recuperase o servizo dende o Concello, ou tomará algunha medida contra a empresa concesionaria?.
3. ¿Cales son as causas ou motivos que orixinas as contradicións manifestadas nos medios de comunicación á hora de xustificar a existencia desta débeda?
4. ¿Cal e a realidade de uso do Servizo “VAIBIKE”? Usuarios totais, media de usuarios por mes, etc.
5. ¿Cal e o custo absoluto da prestación deste servizo, tendo en conta os pagos comprometidos e as contías recibidas polo uso efectivo do mesmo?.

- Contesta o Sr. Alcalde a interpelación citada.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180125&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:45 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.